



**FEDERACIÓN GALEGA
DE ATLETISMO**

IV MILLA POPULAR DIA DO DEPORTE SOLIDARIO

Con motivo da celebración do V Día do Deporte Solidario, o Centro Comercial Area Central organizará, dentro da súa programación do día, a IV edición da Milla Popular Solidaria o sábado 8 de xuño de 2019, proba aberta a atletas federados e non federados.

Toda a recadación irá destinada a CRUZ VERMELLA, organización que traballa en Galicia desde 1870, adaptándose ás necesidades das persoas máis vulnerables da comunidade e implicando á cidadanía nas urxencias nacionais e internacionais e nas necesidades da poboación en todos os lugares do mundo.

As probas levaranse desde a Praza de Europa en Área Central a partir das 18:00 horas e estarán baixo o control técnico do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo. As mesmas rexiránse polo seguinte:

REGULAMENTO

1. Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha soa clasificación conxunta. O control das probas estará a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

2. CATEGORIAS DOS PARTICIPANTES:

- ✓ **BIBERÓN/FAMILIAR:** atletas en 2014 e posteriores e pais/nais (non competitiva)
- ✓ **PREBENXAMÍN:** atletas nados/as en 2012 e 2013
- ✓ **SUB 10:** atletas nados/as en 2010 e 2011
- ✓ **SUB 12:** atletas nados/as en 2008 e 2009
- ✓ **SUB 14:** atletas nados/as nos anos 2006 e 2007
- ✓ **SUB 16:** atletas nados/as nos anos 2004 e 2005
- ✓ **SUB 18:** atletas nados/as nos anos 2002 e 2003
- ✓ **SUB 20:** atletas nados/as nos anos 2000 e 2001
- ✓ **SUB 23/SENIOR:** atletas nados/as en 1999 ata Máster
- ✓ **MASTER 1 MASC/FMNO:** atletas de 35 a 45 anos cumpridos o día da proba
- ✓ **MASTER 2 MASC/FMNO:** atletas de 46 anos cumpridos o día da proba en adiante

3. HORARIOS:

HORA	CATEGORIA	DISTANCIA
18.00 h	Carreira Biberón e pais–nenos	200 m aprox.
18:15 h	Carreira Prebenxamín	400 m aprox.
18.30 h	Carreira Sub 10 – Sub 12 mixta	1000 m aprox.
18.45 h	Milla Sub 14 – Sub 16 mixta	1609,30 m aprox.
19.00 h	Milla Sub 18 – Sub 20 mixta	1609,30 m aprox.
19.15 h	Milla Sub 23-Senior mixta	1609,30 m aprox.
19.30 h	Milla Máster mixta	1609,30 m aprox.
ENTREGA DE PREMIOS AO FINALIZAR AS PROBAS		

4. INSCRICIÓN

Realizaranse **ONLINE** a través da páxina web www.carreirasgalegas.com ata o xoves 6 de xuño ás 23.59 horas (máis información en <http://areacentral.es/> e atletismo.gal).

PRESENCIALMENTE poderanse realizar no **stand de consigna ubicado en Área Central** nos mesmos prazos, sempre en cando se respecte o horario de apertura de dito stand.

Os dorsais recolleranse a partir das 15.00 horas e ata media hora antes do inicio das probas tamén no **stand de consigna ubicado** de Área Central.

Non se aceptarán as inscricións fóra de prazo, con datos incompletos ou sen todos os datos obrigatorios.

> O prezo da inscrición será o seguinte:

* **2 €** en concepto de organización só para as millas Sub 18 e superiores.




* **DONACIÓN SOLIDARIA NA RECOLLIDA DO DORSAL DE TODAS AS CATEGORÍAS como mínimo de 2 €**

5. PREMIOS E AGASALLOS

Haberá premios para:

* Os tres primeiros clasificados e clasificadas de cada milla (agás na proba de biberóns país - nais) recibirán na entrega final de premios do día do Deporte Solidario unha medalla e un diploma "**SOLIDARIO**", acto que se fará conxuntamente con outros regalos do Día do Deporte Solidario.

* Os 3 primeiros/as clasificados/as de cada categoría (excepto biberóns) recibirán un vale de desconto en material deportivo do seguinte xeito:

-  **1º Clasificada/o** – Vale dun 50% de desconto en material deportivo;
-  **2º Clasificada/o** – Vale dun 40% de desconto en material deportivo;
-  **3º Clasificada/o** – Vale dun 30% de desconto en material deportivo;

*** TODOS OS ATLETAS QUE LOGREN REMATAR A SÚA PROBA RECIBIRÁN UN VALE DE DESCONTO DUN 20% EN MATERIAL DEPORTIVO EN CALQUERA TENDA DE CENTRO DEPORTIVO SANTIAGO.**

Así mesmo, e unha vez rematada a proba, todo aquel que o requira, realizaraselle un diploma solidario co tempo empregado na súa proba. Terá que solicitalo no em@ilmarketing@areacentral.es

6. Responsabilidade e reclamacións.

A organización da proba non se fará responsable dos danos morais que a sí mesmo ou a outras persoas ocasionen os participantes desta proba.

As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro da proba (o que designe o comité galego de xuíces da Federación Galega de Atletismo) non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados.

A organización reservase o dereito de modificar este regulamento se as circunstancias o requiren (informando previamente)





Todo o non recollido no presente regulamento resolverase de acordo a normativa en vigor da RFEA e FGA para probas en ruta da tempada 2018/2019.

ACEPTACIÓN DO PRESENTE REGLAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e participar na proba, aceptan esta normativa e, en caso de dúbida ou xurdindo algunha situación non prevista nela, resolveranse de acordo coas disposicións dispoñibles, o Comité Organizador e as regras da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e, a través da súa inscrición, o corredor autoriza expresamente que os seus datos básicos sexan transferidos a esta entidade para a tramitación, antes da compañía de seguros, do seguro obrigatorio de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e o ranking popular de probas de estrada. En calquera caso e conforme establecido pola Lei de Protección de Datos, o interesado poderá exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13- 15008 A Coruña.

Esta proba disporá dos seguros e servizos sanitarios requerido nas normativas vixentes.

Mais información nas webs:

-  www.areacentral.es
-  www.carreirsgalegas.com
-  atletismo.gal
-  www.correrengalicia.org